

Manuel O'Rivas, arreo incansable, desenfunda de novo a súa pluma para describir certeiramente esta desfeita, esta demouca, este esperpento, este non país, este proceso de deconstrucción nacional, esta política de motoseira, este desfacer o ser, esta derrama que vai acabando a fasquía dunha dramática tala. E faino, xustamente, mediante un título inconfundible: *Episodios galegos. Tempos de esperpento* que publica Xerais na colección "Crónica". Vexan os lectores: "o recorte en axudas escolares, mesmo nos comedores, a anulación na proba de galego nas oposicións, a desaparición de de Culturgal, a eliminación dos premios nacionais de arte e literatura, a anulación dun reparto eólico que por 1º vez puña en valor os proxectos industriais para Galicia, a entrega incondicional a intereses particulares de espazos na-

Dramática tala

En tempos de esperpento

DORINDA CASTRO SOLIÑO

turais protexidos, a suspensión da xa de por si simbólica selección galega de fútbol, o boicot á reforma estatutaria, a anunciada derrogación

do decreto para o ensino onde se establecía unha real cooficialidade.. Este ano ainda se salvou o S. Froilán!"

O'Rivas, desde a obra que agora estamos a re censiar en estas liñas, vén reunir un conxunto de coñecida e seis artigos xornalísticos nos que realiza unha difícil tarefa:

describir un desfacer, un querer non existir. Desde citas e feitos da Literatura e Historia universal —será que a cultura propia limita?—, o humor, a retranca, o abraío; pero tamén desde a confianza

na Galicia que ten azos para resistir. O'Rivas vai debullando, artigo a artigo, este facer por non ser este desfacerse por querer seguir sendo —o combate entre "facer país" e o "proceso de deconstrucción nacional"—, este tece e destece perenne, cal Penélope do noso tempo. E engade, ademais, o noso autor unha denuncia absolutamente irreprochábel: a lingua e a cultura propias non limitan, non restan senón que suman, e forman parte do universo, polo que ninguén pode de pretender acabar con ela sen que o universo se resinta e o denuncie. Non só desaparecemos como pobo senón que ademais o mundo se fai máis pequeno, más cativo, más ruín.

"Por que non facer de Galicia un modelo creativo en vez de amargala con importacións de odio?" E nós preguntamos: Sería Galicia a mesma de termos lido todos os artigos de O'Rivas? .

Sigamos espallando este facho de luz que pon nome a este xeito de estar no mundo.

Mentres exista.
RIVAS, Manuel, Episodios galegos, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 17,60 €

